



Samos

¡Cunca de paz e calma verdecente,
rexo Samos, antergo e xogoral,
labrado en pena, xusto nun fondal,
onde o Sarria camiña lentamente!

¡Ouh lanceiro alciprés, música ardente,
degrañada no claustro monacal,
onde di o moxe o seu prego xangal:
“Ora et labora” sempre en voz silente!

Un malvís rechoucía na valgada
namentres o silencio se esperguiza
ó lento son do místico reló.

Pasan os pelegríns pola calzada,
e a vila parece un colo de Galiza,
axeitado pra os soños de Feixó.

O RECORDATORIO SAMONENSE PRA DON RAMON CABANILLAS

«Nun fondal de Galicia bretemoso e labrusco
ecoante de brados, sartego vougo e fusco,
recóndito, esquecido, de estreitos horizontes,
murado a todos ventos por penedos e montes...»

(R. Cabanillas: *Samos*)

I

Xa fai tempo,
os teus ollos —cansos de mar
e sabanas— apousáronse
nesta bagoada verdexante,
e, de súpeto, a voz túa
trocouse nunha pomba noviña
a beber a luz na cunca do misterio,
lonxe dos corvos nemigos.

E foi daquela cando
as cousas amigas do silencio
deprenderon o teu cántigo prós séculos,
e comenzaron a marmulalo —verso a verso—
na fondura xabreira.

(«A alma pola voz de Dios unxida

conquire santa, inmorredoirá vida».)

E, ó lonxe, os tesos ecoan en regueifa:

¡RAMOONNRAMOOONNNRAMOOOONNNN!

II

Quizáis aínda lembres e ames
os craustros povoados de segredos
e o río, e as Nereidas,
e o pito cotiano xunto ó Feixóo de pedra.

Quizáis aínda lembres e ames
o cantío dos carros labradores
e o ciprés, e a ermida,
e as longas conversas na taberna do centro.

Quizáis aínda lembres e ames
moitas cousas nosas; mais ¿quén sabe
onde latexa arestoras
o teu corazón de pan centeio
e orballo entebrecido?

No solpor largasío, no longo solpor samonense,
as místicas anduriñas
e os grilos, e os sapos dos carreiros,
marmulan o teu cántigo na soedade.

(«O derradeiro, ouriluciente raio
do sol da tarde, a luz esmorecida
decaie nun salaio
tristeiro como adios de despedida».)

E, ó lonxe, os tesos ecoan en regueita:

¡RAMOONNRAMOOONNNRAMOOOONNNN!

III

Eiquí
vivirás unha longa vida
a veira das cousas que te lembran e amentan,
e tecen cos teus yambos un gran arco de vellas
pra regalía dos nenínos pegureiros.

Nunca morrerás eternamente, nunca-nunca-nunca
porque deixaches un salaio de amañecida
choido nas pedras craustraes
e no tanguido da campá,
e no colo das xentes que van camiño das labouras.

Mañá, pasado, sempre-sempre-sempre,
levarán o teu ronsel de guieiro e capitán
os paxaros emigrantes
e as ondas do río,
e os pelengrinos que pasan cara Compostela.

Hoxe xurde o teu cántigo,
mesturado coas notas do órgano monacal
e rube, e rube, e rube,

e ralva os cumios
coma un cervo ferido ó pé das augas.

(«Eiquí, máis que do sol a craridade,
loce e refulxe a providente estrela
que enche de resprandor a soedade».)

E, ó lonxe, os tesos ecoan en regueita:
¡RAMOONN RAMOOONNN RAMOOOONNNN!

VERGARA VILARIÑO, FIZ (1976), *Orfo de ti en terra adentro*

Ramón Cabanillas Enríquez, (nado en Fefiñáns, 3 de xuño de 1876 e finado en Cambados o 9 de novembro de 1959) chegou por primeira vez ao mosteiro de Samos o 24 de agosto de 1948 buscando acougo tras o pasamento da súa dona e dun dos seus fillos, nun momento vital complicado tamén no laboral que o levara por distintos concellos como secretario municipal. Neste lugar Cabanillas atopou a paz e o silencio que procuraba, segundo se reflicte na súa correspondencia.

O poeta e académico regresou a Samos os tres veráns seguintes. O último, o de 1951, marcharía só unha semana antes do incendio que en setembro arrasou o cenobio, onde chegou a confesar que quería ser soterrado. "Nunha entrevista na revista Vida Gallega, de novembro de 1954, declara que o Centro Gallego de Buenos Aires ía publicar na súa obra completa o poemario Samos, coa historia do famoso mosteiro, onde irían repousar os seus restos mortais, porque o abade xa lle tiña reservada alí unha sepultura".

